



### INFORMACIÓN CONCILIA VERÁN 2021

O día 16 de xuño de 2021 abre o prazo para preinscribirse nas actividades do programa Concilia Verán 2021 que organiza a Concellería de Educación do Concello de Ourense e que vai dirixido a nenos e nenas de Ourense nacidos entre 2009 e 2017 (é imprescindible que cursen 4º de EI ata 6º de EP).

Todas as actividades están orientadas cara á consecución de hábitos de vida saudables, actitudes solidarias e de convivencia e o respecto polo medio ambiente. Ademais de actividades lúdicas haberá reforzo educativo nas áreas de matemáticas e linguas.

O horario será de luns a venres de 8.00 h a 14.30 h e as actividades terán lugar nos seguintes espazos :

1. **CEIP O COUTO** (agosto) / **CEIP Greco** (xullo)
2. **CEIP MANUEL LUIS ACUÑA** (xullo e agosto)
3. **CEIP VISTAHERMOSA** (xullo e agosto)
4. **CEIP IRMÁNS VILLAR** (xullo e agosto)
5. **CEIP AMADEO RODRÍGUEZ BARROSO** (xullo e agosto)
6. **CEIP AS MERCEDES** (xullo e agosto)
7. **CEIP PRÁCTICAS** (agosto)
8. **CEIP A PONTE** (xullo e agosto)
9. **AULA DA NATUREZA DO RÍO MIÑO (OIRA)**: (xullo, agosto e do 1 ao 9 de setembro).

\* A flexibilidade horaria para a entrada e a saída concretarase cos monitores e monitoras no propio centro o primeiro día das actividades.

### PREINSCRICIÓN

A preincrición será exclusivamente en liña través da páxina web [www.educacionourense.es](http://www.educacionourense.es). O prazo será **do 16 de xuño ás 9. 00h ao 20 de xuño ás 24.00h**.

\* O/a pai/nai/titor/titora será a persoa solicitante e poderá inscribir ata **un máximo de tres fillos ou fillas**

A asistencia será por quincenas (poidendo seleccionar un máximo de 4):

- Do 1 ao 15 de xullo (excepto CEIP Prácticas e CEIP O Couto)
- Do 16 ao 31 de xullo (excepto CEIP de Prácticas e CEIP O Couto)
- Do 3 ao 14 de agosto (excepto CEIP O Greco)
- Do 17 ao 31 de agosto (excepto CEIP O Greco)

## **Criterios de admisión:**

- Orde de entrada.
- Preferencia a escolares empadroados no Concello de Ourense con pais/nais en activo.

A listaxe de admisión estará disponible a partir do día 23 de xuño na páxina web: [www.educacionourense.com](http://www.educacionourense.com) e nos taboleiros dos propios CEIP (os datos que aparecerán serán o n.º de entrada e o nº do rexistro da inscrición)

## **FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA: telemáticamente do 23 ao 27 de xuño de 2021**

**Só poderán formalizar a matrícula se aparecen na listaxe de persoas admitidas (anularanse os ingresos bancarios feitos con anterioridade e perderá o dereito á praza).**

Taxas :10 € e 5 € ( cada irmán/irmá)

Unha vez admitidos/as, deberán enviar a documentación por correo electrónico indicando no campo **ASUNTO: Verán 2021 e o nome do centro no que se inscribe a:**

- Admitidos/as nos CEIP Vistahermosa, Manuel Luis Acuña, As Mercedes, O Couto e O Greco enviarán a documentación a: [educacion@ourense.es](mailto:educacion@ourense.es)
- Admitidos/as nos CEIP Amadeo R Barroso e Irmáns Villar enviarán a documentación a: [educa.programas1@ourense.es](mailto:educa.programas1@ourense.es)
- Admitidos/as nos CEIP A Ponte e CEIP Prácticas enviarán a documentación a [educa.programas4@ourense.es](mailto:educa.programas4@ourense.es)
- Admitidos/as na Aula da Natureza : enviarán a documentación a [aulanatureza@ourense.es](mailto:aulanatureza@ourense.es)

## **Documentación obligatoria a presentar por e mail no prazo estipulado:**

1. Ficha de matrícula cumplimentada, asinada e con foto (descargar na web).
2. Xustificante do pagamento.
3. **Só para alumnado de 4º curso de Educación infantil:** copia do DNI ou certificado do centro escolar que acredite que realizou ese curso.

Unha vez recibida correctamente esta documentación considerarase a adxudicación como definitiva e, se non recibe ningunha outra indicación, poderá dirixirse ao centro de ensino na data e na hora seleccionadas para comezar as actividades.

\* Recomendamos levar ás actividades: protección solar xa aplicada, auga e algo de comer

## **Documentación obligatoria a presentar o primeiro día de asistencia aos monitores e monitoras:**

1. Copia da tarxeta sanitaria da persoa participante.
2. Declaración responsable de que o menor asistente non tivo tos, febre, cansazo ou falta de aire nin estivo en contacto con persoas con dita sintomatoloxía. (renovarase cada quincena) (descargar na web)

## **Listaxe de agarda:**

Xerarase unha listaxe de agarda co alumnado que non estea admitido.Unha vez completado o proceso da

primeira adxudicación, porémonos en contacto telefónico se quedan prazas dispoñibles e formalizarán a matrícula seguendo o mesmo procedemento.

\*A Concellería de Educación resérvase o dereito a anular as actividades naquel CEIP que non reúna un grupo mínimo de nenos e nenas.

\*As faltas de asistencia sen xustificar poderán supoñer a perda da praza.

## **MEDIDAS COVID**

Non poden acudir ao centro os nenos e nenas que presenten síntomas compatibles co COVID-19 ou que se atopen en período de corentena.

É responsabilidade da familia controlar o estado de saúde dos nenos e nenas e de realizar a toma de temperatura diaria.

As familias só poderán entrar no centro no caso de necesidade ou indicación do monitor ou monitora, cumplindo sempre as medidas de prevención e hixiene.

Limitarase ao máximo o transporte de obxectos entre as casas e os colexios (xoguetes, libros, ...) e o material dos centros non sairá do lugar onde se use.